



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA A REFORMA E MODERNIZACIÓN DA PRAZA DE ABASTOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

### REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Luís Menor Pérez, presidente da Deputación Provincial de Ourense, facultado para este acto segundo o artigo 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

E doutra, José Rafael Castro-Gil Seijas, 1º tenente alcalde do Concello do Carballiño, que actúa en nome e representación do dito concello por delegación do alcalde, por baixa médica, en virtude da Resolución de Alcaldía do 01.12.2025 ditada en uso das atribucións establecidas no artigo 21.1 e 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes, na representación que ostentan, teñen capacidade legal para asinar este convenio de colaboración e, na súa virtude,

### EXPOÑEN

**Primeiro.** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, establece que á Dirección Xeral de Comercio e Consumo lle corresponde a planificación, coordinación e control das competencias da Consellería en materia de comercio interior, incluíndo, entre outras, a promoción, fomento e modernización do comercio, a programación e xestión de axudas, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica.

**Segundo.** A Deputación Provincial de Ourense, en adiante, a deputación, é unha institución pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais e asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, participando na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma e a do Estado.

Ao respecto, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia habilitan ás deputacións provinciais para prestar asistencia e cooperación económica, técnica e xurídica aos concellos da provincia, especialmente para garantir a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal.





En particular, o artigo 36.1 b) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, atribúe ás deputacións provinciais a asistencia e cooperación económica, técnica e xurídica aos municipios, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no ámbito provincial. Así mesmo, o artigo 57 da devandita lei prevé a utilización dos convenios de cooperación como instrumento para articular a colaboración entre administracións públicas.

No ámbito autonómico, o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, habilita expresamente ás deputacións provinciais para subscribir cos concellos convenios de cooperación para a execución de obras, a prestación de servizos e a concesión de subvencións, co fin de garantir a prestación integral dos servizos municipais. Pola súa banda, os artigos 114 e 115 da mesma lei recoñecen a competencia das deputacións para prestar asistencia económico-financeira e técnica aos concellos, incluíndo a cooperación na realización de obras e servizos municipais e a elaboración de proxectos e dirección de obras.

A deputación, no exercicio das súas competencias de asistencia e cooperación aos concellos e de impulso do desenvolvemento económico e social no ámbito provincial, considera de especial interese público a mellora e modernización das prazas de abastos da provincia, en tanto que estas actuacións contribúen a reforzar a vitalidade económica das vilas e cidades, a revitalizar o comercio local e a adaptar estes equipamentos aos novos hábitos de consumo. Do mesmo xeito, valora positivamente a obtención do selo de Mercado Excelente como elemento de identificación dos mercados da provincia que acadan estándares óptimos de calidade e modernidade.

**Terceiro.** O Concello do Carballiño, en adiante, o concello, é titular da Praza de Abastos do municipio, conforme as competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e polos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia. As actuacións obxecto deste convenio inscríbense no exercicio das competencias propias do concello como servizo público municipal.

**Cuarto.** O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 31 de marzo de 2025, aprobou o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, que contempla no seu Eixe 2 "Dinamización e visibilidade do comercio" a Medida 2.5, orientada especificamente a "Impulsar a Rede de Mercados Excelentes de Galicia", prevendo o establecemento de liñas de apoio para a mellora e modernización das prazas de abastos.

A Rede de Mercados Excelentes de Galicia ten como finalidade modernizar e consolidar estes equipamentos, garantindo que respondan ás novas necesidades de comerciantes e consumidores sen perder a súa identidade tradicional. Neste contexto, o impulso da Rede de Mercados Excelentes é fundamental para destacar os mercados e prazas como eixos e motores do comercio de proximidade. A adaptación e modernización destes espazos contribúe a mellorar a accesibilidade, avanzar na dixitalización, incrementar e cualificar os servizos á clientela e potenciar o produto galego de calidade, asociado a valores como a sustentabilidade, a protección ambiental, o trato personalizado e o compromiso social.

**Quinto.** En consonancia co exposto, por Orde do 12 de decembro de 2025 (DOG núm. 6, do 12.01.2026) régúlase o procedemento para a obtención e renovación do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia coa fin de fixar unha estratexia que permita acadar a calidade, a excelencia e a modernidade dos nosos mercados e prazas de abastos, pero sen perder a súa autenticidade e tradición nin a súa proximidade e trato personalizado, permitindo a diferenciación e identificación dos mercados e prazas de





abastos coa calidade e o prestixio, incrementando o seu atractivo e interese turístico e potenciando, en definitiva, a actividade comercial.

**Sexto.** O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 6 de abril de 2026, aprobou o Plan de Impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, configurado como o instrumento estratéxico destinado a orientar e apoiar as actuacións de reforma, mellora, modernización e dinamización das prazas de abastos galegas que aspiren a obter o selo de Mercado Excelente. Este plan establece o marco de referencia para a adecuación dos equipamentos comerciais municipais, a súa posta en valor como espazos de centralidade comercial e a súa adaptación ás novas necesidades das persoas comerciantes e consumidoras, promovendo a sustentabilidade, a calidade, a dixitalización e a integración do produto local.

O Plan prevé a concesión de apoios económicos específicos destinados á execución de obras e actuacións de mellora nos mercados municipais que cumpran os requisitos establecidos, entre os que se inclúen a existencia dunha ordenanza municipal actualizada da praza de abastos, a súa localización nunha zona comercial de relevancia, a dispoñibilidade dunha diagnose de situación e usos que identifique as necesidades de mellora, a existencia dun proxecto de reforma coherente con esa diagnose, e o compromiso municipal de achegar un mínimo do 30 % do investimento necesario. Así mesmo, o Plan establece que a formalización dos apoios ás prazas de abastos de referencia se realizará mediante os instrumentos de colaboración previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que permitan articular a participación conxunta da administración autonómica e os concellos beneficiarios.

**Sétimo** A Xunta de Galicia e a deputación subscribiron o 18 de febreiro de 2026 un protocolo xeral de colaboración co obxecto de establecer un marco de cooperación institucional para avanzar na mellora, modernización e dinamización das prazas de abastos da provincia, prevéndose a formalización dos correspondentes convenios específicos cos concellos interesados. De acordo coa súa cláusula cuarta, a formalización destes convenios require que cada concello dispoña dunha diagnose actualizada da situación e usos do mercado e dun proxecto técnico de reforma, como documentos necesarios para definir as actuacións subvencionables, concretar os investimentos e articular o réxime de financiamento, xustificación, pagamento e demais condicións aplicables.

**Oitavo.** O concello, o 13 de abril de 2026, presentou ante a consellería unha solicitude de colaboración destinada a obter financiamento para execución das actuacións de reforma, interior e modernización da praza de abastos. Na súa petición manifestou a vontade de converter a praza de abastos no principal escaparate do produto galego de calidade, estreitamente ligado ao territorio, á sustentabilidade, ao trato próximo e ao compromiso social. Así mesmo, expresou a súa aspiración de que a praza de abastos poida acadar o distintivo de Mercado Excelente, en coherencia cos obxectivos de modernización e posta en valor que fundamentan a súa solicitude.

A Praza de Abastos do Carballiño constitúe un equipamento público comercial de especial relevancia para a actividade económica da comarca, desempeñando funcións propias do servizo público de abastecemento e configurándose como eixe estruturante do comercio de proximidade no ámbito municipal. O inmoble sitúase integrado na zona comercial na que destaca polo seu valor patrimonial, actuando como espazo de centralidade comercial e como elemento dinamizador do tecido urbano.





**Noveno.** En coherencia coa Medida 2.5, "Impulsar a Rede de Mercados Excelentes de Galicia", recollida no Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, coa Orde do 12 de decembro de 2025 pola que se regula o selo de "Mercado Excelente", co Plan de Impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia, así como co Protocolo xeral de colaboración coa Deputación, o proxecto de mellora da praza de abastos do Carballiño acredita plenamente os valores, condicións e requisitos que fundamentan o apoio á súa modernización.

A intervención fundamentase nunha diagnose actualizada, nun proxecto técnico aliñado coas necesidades identificadas e nun compromiso municipal claro coa modernización integral do equipamento, o que xustifica o apoio institucional e a súa consideración como actuación prioritaria no marco da Rede de Mercados Excelentes de Galicia.

**Décimo.** Concorrendo razóns de interese público, social e económico vinculadas á dinamización do comercio de proximidade e á modernización dun equipamento municipal de especial relevancia, resulta procedente a colaboración financeira da Xunta de Galicia e da deputación nos termos previstos neste convenio, articulada ao abeiro do Plan de Impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e do protocolo xeral de colaboración suscrito entre ambas administracións.

En virtude do exposto, e dada a confluencia de obxectivos das partes, acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.** *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración tripartita entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello do Carballiño para a execución do proxecto de reforma e modernización da praza de abastos, coa finalidade de acadar o selo de Mercado Excelente.

### **Segunda.** *Orzamento e financiamento*

O orzamento total das actuacións obxecto do presente convenio ascende a un millón catrocentos vinte e nove mil cincocentos setenta e sete euros con noventa céntimos (1.429.577,90 €), IVE incluído, correspondente a execución material das obras de reforma interior e modernización da praza de abastos do Concello do Carballiño.

O financiamento das actuacións realizarase mediante as achegas proporcionais das tres administracións asinantes, co seguinte reparto porcentual:

- A consellería achegará o 70 % do orzamento total, correspondente ao importe dun millón setecentos catro euros con cincuenta e tres céntimos (1.000.704,53 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.3 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00275.
- A deputación achegará o 20 % do orzamento total, correspondente ao importe de





douscentos oitenta e cinco mil novecentos quince euros con cincuenta e oito céntimos (285.915,58 €), IVE incluído.

- O concello achegará o 10 % restante do orzamento total, correspondente ao importe de cento corenta e dous mil novecentos cincuenta e sete euros con setenta e nove céntimos (142.957,79 €), IVE incluído.

Calquera minoración no gasto final realizado suporá a redución proporcional das achegas das administracións asinantes, mantendo os porcentaxes anteriormente sinalados.

Na execución deste convenio realizaranse as seguintes actuacións coa desagregación que se recolle no anexo, distribuídas en dúas anualidades, co seguinte financiamento:

Actuación	Importe total	Consellería	Deputación	Concello
FASE 1 (2026)	370.000,00 €	150.000,00 €	150.000,00 €	70.000,00 €
FASE 2 (2027)	1.059.577,90 €	850.704,53 €	135.915,58 €	72.957,79 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.429.577,90 €</b>	<b>1.000.704,53 €</b>	<b>285.915,58 €</b>	<b>142.957,79 €</b>

A distribución do financiamento da primeira anualidade 2026, correspondente á Fase 1, realizarase conforme á distribución de achegas detallada na táboa anterior, ao destinarse a actuacións previas necesarias para o inicio da intervención principal, así como a acopios de materiais precisos para garantir a execución dos traballos na anualidade 2027.

O financiamento da segunda anualidade (2027), correspondente á Fase 2, realizarase polos importes restantes das achegas comprometidas por cada administración asinante, respectando os importes totais e porcentaxes de cofinanciamento establecidos neste convenio.

Calquera contracción do gasto que se orixine como consecuencia deste convenio deberá contar coa fiscalización previa da consellería e da deputación e queda, por tanto, sometida á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

### Terceira. Gastos subvencionables

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a modernización, equipamento e reforma da praza de abastos do Carballiño que respondan á natureza da actividade recollidas no anexo.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 26 de outubro de 2027. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación do proxecto.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.





En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumprírase o estipulado no artigo 29, puntos 4 e 5, da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

#### **Cuarta.** *Obrigas da consellería*

A consellería comprométese a financiar a parte do orzamento que lle corresponde segundo o reparto establecido na cláusula segunda deste convenio.

O pagamento das achegas efectuarase logo da presentación polo concello da conta xustificativa correspondente e da súa verificación polos órganos competentes das administracións asinantes, quedando condicionado ao cumprimento das obrigas previstas neste convenio e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

#### **Quinta.** *Obrigas da deputación*

A deputación comprométese a financiar a parte do orzamento que lle corresponde segundo o reparto establecido na cláusula segunda deste convenio.

O pagamento das achegas efectuarase logo da presentación polo concello da conta xustificativa correspondente e da súa verificación polos órganos competentes das administracións asinantes, quedando condicionado ao cumprimento das obrigas previstas neste convenio e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

#### **Sexta.** *Obrigas do concello*

O concello, para poder obter a condición de beneficiario neste convenio, deberá cumprir as seguintes obrigas:

- Acreditar a dispoñibilidade do inmovible e vías en que está previsto realizar os investimentos.
- Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvenciones ás entidades locais galegas.

En todo caso, o concello quedará suxeito ao cumprimento das obrigas impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como ás demais que resulten concordantes á vista do réxime xurídico aplicable ás subvencións públicas e, en especial, ás seguintes:

- Xestionar e executar os investimentos sinalados na cláusula segunda que fundamenta a concesión da subvención con suxeición aos procedementos de





contratación previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

- Xustificar ante a consellería e a deputación, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade das mesmas.

- Someterse ás actuacións de comprobación de ambas administracións, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

- Comunicar por escrito as administracións asinantes a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.

- Comunicar ás administracións asinantes o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.

- Manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados e a vinculación destes á actividade que motivou a subvención durante un período mínimo de cinco anos.

- Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento pola Xunta de Galicia e a deputación en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio, empregando os soportes máis adecuados á natureza dos investimentos, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Presentar, no prazo de seis meses desde a presentación da xustificación do investimento, a acreditación da presentación da solicitude para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Orde do 12 de decembro de 2025 pola que se regula o procedemento para a obtención e renovación do selo de Mercado Excelente (DOG nº 6, de 12 de xaneiro de 2026- Procedemento IN223B).

### **Sétima. Subcontratación**

O concello poderá subcontratar parcial ou totalmente as actuacións recollidas neste convenio, agás que o impida a natureza das mesmas. As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante o beneficiario, que asumirá a total





responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.

En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custo da obra, non aporten valor engadido ao seu contido.

A contratación das obras ou equipamentos será realizada polo concello conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo a entidade local contratante a responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos se puidesen derivar.

Tendo en conta que as actuacións obxecto do convenio poden implicar que o concello leve a cabo diversas contratacións externas, admitirase unha contratación separada sempre que os obxectos dos contratos admitan fraccionamento ao ser susceptibles de utilización ou aproveitamento separado e constitúan unhas unidades funcionais independentes ou así o esixa a natureza do obxecto.

A subcontratación das actuacións subvencionadas poderá alcanzar o 100 % e regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 43 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a entidade beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro para poder ser adxudicador.

#### **Oitava.** *Relación con terceiros*

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que desenvolvan as actuacións as administracións asinantes, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.

#### **Novena.** *Xustificación e pagamento*

1. A data límite para xustificar o investimento será o 29 de outubro de 2026 para a actuación 1 correspondente ao exercicio 2026, e o 29 de outubro de 2027 para a actuación 2 correspondente ao exercicio 2027.

2. Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observarse en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O concello está obrigado a xustificar diante das administracións asinantes, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona no parágrafo seguinte e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou





do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

A conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e praxe do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención e os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Sen prexuízo do previsto na letra c) do artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) O expediente de contratación tramitado polo concello respecto do investimento obxecto de subvención.

#### 4. Condicións de pagamento:

As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.

A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na consellería, Dirección Xeral de Comercio e Consumo, e na deputación, que emitirán certificación acreditativa do cumprimento das actuacións subvencionadas.

As administracións asinantes resérvanse o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

Os pagamentos correspondentes serán realizados ao concello unha vez presentada a correspondente xustificación e aprobada polos órganos competentes de ambas administracións.

As achegas das administracións concedentes minoraranse porcentualmente no caso de que o concello non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto do convenio ou, de resultar a concorrencia con outras axudas, sempre que a contía total supere o custo do investimento.

#### 5. Comprobación material:

Segundo establece o artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nas subvencións de capital superiores a 60.000,00 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada polas dúas administracións intervinientes





neste convenio, sen prexuízo de que a dita comprobación material se poida encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

#### 6. Pagos anticipados:

Poderá aprobarse o pago anticipado de ata un límite do 80 % do importe concedido para cada anualidade, logo da solicitude e xustificación da súa necesidade polo concello. A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En todo caso, o pagamento do anticipo das anualidades posteriores á primeira quedará condicionado á previa xustificación do libramento da anualidade anterior.

O concello quedará exento da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio conforme ao disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

#### **Décima.** *Compatibilidade das axudas*

A axuda concedida ao abeiro deste convenio será compatible con outras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade sempre que o importe total das subvencións concedidas non supere o custo elixible. Neste caso, minorarase a subvención das administracións concedentes.

#### **Décimo primeira.** *Perda do dereito ao cobro e reintegro*

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio ou incumprimento.

#### *Incumprimento parcial:*

Aínda que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, as administracións asinantes poderán apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

#### *Incumprimento total:*

Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





Ao concello beneficiario da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

#### **Décimo segunda. Modificación**

O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado coa correspondente modificación, no seu caso, do contrato de obras nos termos establecidos pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, cun mes de antelación á data de finalización da xustificación do investimento de conformidade co disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respecte o obxecto da subvención e as actuacións subvencionadas, evite actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

#### **Décimo terceira. Resolución**

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento total ou parcial por algunha das partes de calquera das prescricións contidas no convenio.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións estipuladas no convenio.

#### **Décimo cuarta. Publicidade e inscrición no Rexistro de convenios**

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

A colaboración financeira da Xunta de Galicia deberá quedar expresamente reseñada, de forma permanente, nun lugar visible do acceso á actuación no momento da súa inauguración e/ou recepción.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co disposto no antedito artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En cumprimento do disposto nos artigos 18, 20.2 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.





### **Décimo quinta.** *Protección de datos de carácter persoal*

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométense a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

### **Décimo sexta.** *Comisión de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas representantes por cada unha das administracións asinantes.

A comisión constituirase a petición de calquera das partes e as súas funcións serán velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

### **Décimo sétima.** *Vixencia*

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027.

### **Décimo oitava.** *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexerese polas súas propias cláusulas e, ademais, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo que a desenvolve, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei





1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei 40/2015, do 1 de outubro e a Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, corresponderanlle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese no lugar e data indicados na cabeceira.

Pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Pola Deputación de Ourense

José González Vázquez

Luís Menor Pérez

Polo Concello do Carballiño

José Rafael Castro-Gil Seijas





ANEXO

	Tipoloxía de actuación	Unidade	Cantidade	Prezo unitario (€)	Importe total
<b>01</b>	<b>ACTUACIÓNS PREVIAS*</b>				<b>158.569,63 €</b>
01.01	DEMOLICIÓNS*	m <sup>2</sup>	6.000	21,60	129.613,68 €
01.02	FACHADA*	m <sup>2</sup>	1.235	8,90	10.998,65 €
01.03	CUBERTA*	m <sup>2</sup>	900	19,95	17.957,3 €
<b>02</b>	<b>ALBANELERÍA *</b>				<b>44.394,64 €</b>
02.01	TABIQUES	m <sup>2</sup>	950	24,49	23.263,05 €
02.02	SOLADO	m <sup>2</sup>	640	19,98	12.785,6 €
02.03	RAMPLAS	m <sup>2</sup>	60	25,12	1.507,20 €
02.04	OUTROS*	ud	1	6.838,79	6.838,79 €
<b>03</b>	<b>CARPINTERÍA, CERRARXERÍA E VIDRARÍA</b>				<b>134.763,70 €</b>
03.01	VENTÁS E PORTAS	ud	85	839,25	71.336,58 €
03.02	CELOSÍA	m <sup>2</sup>	45	21,11	949,80 €
03.03	ACCESORIOS	ud	120	109,61	13.153,32 €
03.04	VARANDA	ml	320	154,14	49.324,00 €
<b>0.4</b>	<b>PAVIMENTOS, REVESTIMENTOS E FALSOS TEITOS</b>				<b>152.124,85 €</b>
04.01	REVESTIMENTOS	m <sup>2</sup>	1.850	34,96	64.678,50 €
04.02	PINTURAS	m <sup>2</sup>	2.200	5,58	12.280,35 €
04.03	FALSOS TEITOS	m <sup>2</sup>	1.650	45,55	75.166,00 €
<b>05</b>	<b>ACCESIBILIDADE</b>				<b>2.337,88 €</b>
<b>06</b>	<b>FONTANARÍA*</b>				<b>45.642,69 €</b>
06.01	OBRA CIVIL*	ml	90	74,27	6.684,00 €
06.02	ACOMETIDA E CONTADORES*	ud	19	134,80	2.561,15 €
06.03	CANALIZACIÓNS E VALVULERÍA	ml	875	25,56	22.362,61 €
06.04	APARATOS SANITARIOS	ud	35	401,00	14.034,93 €
<b>07</b>	<b>SANEAMENTO</b>				<b>37.635,02 €</b>
07.01	OBRA CIVIL*	ml	258	76,36	19.700,98 €
07.02	REDE AUGA FECAIS	ml	164	108,10	17.727,94 €
07.03	REDE DE CONDENSADOS	ml	15	13,74	206,10 €
<b>08</b>	<b>PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS</b>				<b>32.252,84 €</b>
08.01	EXTINCIÓN	ud	30	606,29	18.188,83 €
08.02	DETECCIÓN E ALARMA*	ud	141	91,95	12.965,15 €





08.03	SINALÉTICA	ud	47	23,38	1.098,86 €
<b>09</b>	<b>BAIXA TENSIÓN</b>				<b>155.530,94 €</b>
09.01	ACOMETIDA E CONTADORES	ud	1	5.564,57	5.564,57 €
09.02	CADROS ELÉCTRICOS	ud	12	3.917,91	47.014,98 €
09.03	FORZA E MECANISMOS	ud	40	58,01	2.320,54 €
09.04	LIÑAS ELÉCTRICAS	ml	1.250	17,74	22.180,45€
09.05	ILUMINACIÓN	ud	320	180,37	57.718,90 €
09.06	CANALIZACIÓNS	ml	1.050	19,74	20.731,50 €
<b>10</b>	<b>VENTILACIÓN</b>				<b>62.369,77 €</b>
10.01	DISTRIBUCIÓN DE AIRE	ml	1.200	26,47	36.201,63 €
10.02	EQUIPOS	ud	8	3.271,02	26.168,14 €
<b>11</b>	<b>CLIMATIZACIÓN</b>				<b>60.898,41 €</b>
11.01	EQUIPOS	ud	6	4.577,82	27.466,94 €
11.02	TUBERÍAS	ml	180	9,25	1.665,60 €
11.03	DISTRIBUCIÓN DE AIRE	ml	1.200	26,47	31.765,87 €
<b>12</b>	<b>VOZ E DATOS</b>				<b>19.454,86 €</b>
12.01	MEGAFONÍA	ud	20	495,21	9.904,12 €
12.02	TELECOMUNICACIÓNS	ud	1	9.550,74	9.550,74 €
<b>13</b>	<b>TRAMITACIÓNS E LEGALIZACIÓNS</b>				<b>8.592,69 €</b>
<b>14</b>	<b>FASES DE PROXECTO</b>				<b>31.380,54 €</b>
<b>14.01</b>	Medios de protección ambiental	ud	1	13.228,10	13.228,10 €
<b>14.02</b>	Acondicionamentos temporais FASE 1	ud	1	6.868,76	6.868,76 €
<b>14.03</b>	Acondicionamentos temporais FASE 2	ud	1	11.283,68	11.283,68 €
<b>15</b>	<b>CONTROL DE CALIDADE</b>				<b>17.556,10 €</b>
<b>16</b>	<b>SEGURIDADE E SAÚDE</b>				<b>15.881,58 €</b>
<b>17</b>	<b>XESTIÓN DE RESIDUOS</b>				<b>13.445,24 €</b>
<b>PEM</b>	<b>TOTAL EXECUCIÓN MATERIAL</b>				<b>992.831,38 €</b>
	13% Gastos xerais				129.068,08 €
	6% Beneficio Industrial				59.569,88 €
	<b>TOTAL (sen IVE)</b>				<b>1.181.469,34 €</b>
	IVE 21%				248.108,56 €
<b>PEC</b>	<b>TOTAL (con IVE)</b>				<b>1.429.577,90 €</b>

(\*) Os valores indicados corresponden a prezos unitarios ponderados, obtidos a partir da agregación de distintas unidades de obra. Os importes reflicten a unidade predominante en cada caso, obtida a partir da medicións do proxecto.

